



SUBVENCIONS DO PROGRAMA DO BONO DE ALUGUEIRO SOCIAL DO PLAN REHAVITA: PLAN GALEGO DE REHABILITACIÓN, ALUGUER E MELLORA DE ACCESO Á VIVENDA 2015-2020

Bases reguladoras das subvencións do programa do Bono de Alugueiro Social do Plan rehaVIta: Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015- 2020.

ORDE do 23 de decembro de 2015 pola que se modifica a Orde do 7 de agosto de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións do programa do Bono de Alugueiro Social do Plan rehaVIta: Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020, e se procede a súa convocatoria para o ano 2016, con financiamento pluriannual.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20151230/AnuncioG0423-231215-0005_qj.html

PRAZO PRESENTACION DE SOLICITUDES: Dende o 02/01/2016 ata o 30/11/2016

FORMA DE PRESENTACION DAS SOLICITUDES:

- Vía electrónica: <https://sede.xunta.es> (Require DNI electrónico, ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia)
- En soporte papel, utilizando o formulario normalizado disponible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

OBXETO DA AXUDA:

O obxecto desta resolución é proceder á convocatoria para o ano 2016, en réxime de concorrencia non competitiva, de axudas para o financiamento parcial da renda do aluguer dos contratos de arrendamento formalizados no marco do programa Aluga, de conformidade co Decreto 84/2010, do 27 de maio, dirixidas ao colectivo de persoas afectadas por execucións hipotecarias, así como ás persoas inquilinas de contratos de arrendamento en vigor de vivendas incorporadas ao citado programa.

BENEFICIARIOS

- Aquelas que precisen dunha axuda para asumir o custo do arrendamento da súa vivenda, por estar inmersas en situacións de especial dificultade que determinaron a interposición pola persoa arrendadora, dunha demanda de desafiuzamento por non pagamento das rendas ou por unha resolución xudicial de terminación dun procedemento da mesma natureza.
- As vítimas de violencia de xénero con dificultades para asumir o custo do arrendamento dunha vivenda e que no momento da solicitude, se atopen residindo nun recurso de acollida dos integrados na rede galega de acollemento para este colectivo e adscritos a unha administración pública.
- Aquelas unidades de convivencia con dificultades para asumir o custo do arrendamento dunha vivenda e que foran privados da súa vivenda habitual por danos sufridos nesta, derivados dunha circunstancia imprevisible e sobrevida, tales como incendios, inundacións, etc.

OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS:

Deberase presentar na Área Provincial do IGVS onde estea situada a vivenda dentro dos 10 primeiros días naturais de cada mes. A tales efectos, só será válida a xustificación realizada mediante a achega do extracto ou certificado bancario que acredite o pagamento no número de conta sinalado pola persoa arrendadora no anexo III.